



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URGENTE CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA DEZASETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (26/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas do día dezasete de setembro de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria urgente convocada para ese día e hora.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Pronunciamento preceptivo sobre a urxencia da sesión
- 2.- Aprobación da acta da sesión do día 28 de agosto de 2026
- 3.- Recoñecemento de antigüidade e trienios
- 4.- Xustificación de subvencións nominativas
- 5.- Aprobación da relación de facturas núm. 046XRROO/2026
- 6.- Renovación de tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida
- 7.- Solicitudes devolución imposto construcións, instalacións e obras
- 8.- Non división en lotes dos investimentos incluídos na 2ª fase do plan POS+ Adicional 2/2026
- 9.- Solicitud de axuda de emerxencia social
- 10.- Aprobación dos padróns fiscais do SAF do mes de Agosto de 2026

1.- PRONUNCIAMENTO PRECEPTIVO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN

O Sr. Alcalde en funcións expón que a urxencia se debe á necesidade de axilizar todos os tramites, para aprobar coa maior brevidade gastos, temas de persoal, xustificación de subvencións, padróns fiscais, unha axuda de emerxencia, concesión dunha tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida, atender solicitudes de devolución de impostos e acordar a non división en lotes dunha obra para cuxa solicitude remata o prazo o día seguinte, por tratarse de temas urgentes en todos os casos que requiren unha rápida tramitación e resolución e que a carga de traballo no Concello neses momentos non permitiu efectuar a convocatoria da sesión extraordinaria coa antelación preceptiva. A Xunta de Goberno local, toma razón, entende xustificada a urxencia e acorda, por unanimidade, continuar coa sesión.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 28 DE AGOSTO DE 2026

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión á que se refire este punto da orde do día se considera aprobada por unanimidade sen ningunha obxección.

3.- RECOÑECIMIENTO DE ANTIGÜIDADE E TRIENIOS

3.1.- O Sr. Secretario-Interventor da conta da solicitude da persoa interesada, do informe favorable do Negociado de Emprego da AEDL do Concello, do informe de fiscalización limitada previa de requisitos básicos da Intervención de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico do aplicativo Tedec que se indica máis adiante neste acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude de actualización de recoñecemento de períodos de antigüidade a efectos de trienio, por servizos prestados con anterioridade neste Concello, da/o empregada/o pública/o que responde ás iniciais M.V.P.C., rexistrada de entrada neste Concello o día 20 de xullo de 2026, co número 202699900000470, informes e resto da documentación complementaria que consta no expediente 2026/E005/000014.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Recoñecerlle á persoa empregada pública do Concello que responde ás iniciais M.V.P.C., a efectos de trienios, os servizos previos prestados neste Concello de Monfero, entre o 01/09/1996 e o 31/08/1998, de acordo co informe do Negociado de Emprego que consta no expediente.

Segundo.- Recoñecerlle, en consecuencia, o seu dereito ao NOVENO trienio como funcionaria de carreira do grupo E con efectos desde o día 22 de setembro de 2023.

Terceiro.- Aprobar a correspondente liquidación de atrasos desde a dita data, por importe de 457,22€.

Cuarto.- Notificarlle este acordo á interesada.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

3.2.- O Sr. Secretario-Interventor da conta da solicitude da persoa interesada, do informe favorable do Negociado de Emprego da AEDL do Concello, do informe de fiscalización limitada previa de requisitos básicos da Intervención de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico do aplicativo Tedec que se indica máis adiante neste acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude de actualización de recoñecemento de períodos de antigüidade a efectos de trienio, por servizos prestados con anterioridade neste Concello, da/o empregada/o pública/o que responde ás iniciais M.F.M., rexistrada de entrada neste Concello o día 20 de agosto de 2026, co número 202699900000514, informes e resto da documentación complementaria que consta no expediente 2026/E005/000016.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Recoñecerlle á persoa empregada pública do Concello que responde ás iniciais M.F.M., a efectos de trienios, os servizos previos prestados neste Concello de Monfero, entre o 01/09/1996 e o 30/06/1999, de acordo co informe do Negociado de Emprego que consta no expediente.
- 2.- Recoñecerlle, en consecuencia, o seu dereito ao NOVENO trienio como funcionaria de carreira do grupo E con efectos desde o día 16 de marzo de 2024.
- 3.- Aprobar a correspondente liquidación de atrasos desde a dita data, por importe de 563,84€.
- 4.- Notificarlle este acordo á interesada.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

4.- XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

4.1.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación TeDEC:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2026, que é o prorrogado 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
COMISIÓN DE FESTAS DE VILACHÁ	MBRM	Festas de Nosa Señora da Asunción	1.600,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

4.2.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación TeDEC:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2026, que é o prorrogado 2025 para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
ASOCIACIÓN DE VECÍÑOS DE TABOADA	JRBF	Festas de Santa Mariña	1.600,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

4.3.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación TeDEC:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2026, que é o prorrogado 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
COMISIÓN DE FESTAS DE SAN BARTOLOMEU	TLP	FESTAS SAN BARTOLOMEU	1.600,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

4.4.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación TeDEC:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2026, que é o prorrogado 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS	OBXECTO	SUBVENCIÓN
----------	----------	---------	------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

	SOLICITANTE		CONCEDIDA
COMISIÓN DE FESTAS DE SAN FIZ	MMG	Festas de San Pedro Fiz	400,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

4.5.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación TeDEC:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2026, que é o prorrogado 2026, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención de conformidade con observacións que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
CLUB MOTOPARK LUGO	MAVP	Competición Supercross e Motocross IMG	1.500,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

5.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 046XRROO/2026

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre os seus informes de Intervención, con lectura do de 23 de decembro de 2025, e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente nos correspondentes expedientes electrónicos da aplicación Tedec relacionados con este punto da orde do día:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 46XRROO/2026, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados a prezos conformes aos do mercado e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PPRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesarios para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal deles derivados e que, polo tanto, os xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralos como menores aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondentes aos gastos que constan no devandito expediente e que se describen nas facturas que integran a relación delas que se reflicte deseguido, ás que tamén se presta aprobación, por discrepar do informado coa argumentación exposta, polas razóns de interese público concorrentes sinaladas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	046XRROO/2026
-----------------------------	---------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Importe total	15.730,00€€
Número de facturas e gastos que contén	1
Número do Rexistro Facturas da factura	F/2026/10647

TERCEIRO.- Imputar os gastos correspondentes ás aplicacións orzamentarias que nela se indican.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, quen informa da subsanación de deficiencias no expediente, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

6.- RENOVACIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMIENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a solicitude da persoa interesada, sobre a documentación que a acompaña, sobre o informe da Traballadora Social do Concello e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación TeDEC:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude de renovación da tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida, presentado pola filla da persoa interesada que responde ás iniciais L.C., M.C. con DNI núm. ***9368**, no Rexistro de Entrada deste Concello o día 10 setembro de 2026, núm. 202600000000550, o informe favorable da traballadora social do día 11 de setembro de 2026 e a restante documentación esixida.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a renovación da Tarxeta de Estacionamento para Persoas con Mobilidade Reducida a nome da persoa que responde ás iniciais L.C., M.C. válida ata o 16/09/2036, e co núm. 15050 - 106 -26

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

7.- SOLICITUDES DEVOLUCIÓN IMPOSTO CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS

7.1.- O Sr. Secretario-interventor dá conta da solicitude da persoa interesada, do informe do Arquitecto contratado para o efecto acreditativo de que non se realizaron as obras para as que se autoliquidou e ingresou o ICIO que agora se solicita que se devolva, do resto da documentación deste expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se indica a continuación, e se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de examinar o escrito presentado pola persoa que responde ás iniciais J.G.S. en data 17/08/2026, con número de rexistro de entrada 202699900000509, que da orixe ao expediente 2026/T001/000003 e a documentación complementaria achegada en data 25/08/2026, no que comunica o seu desistimento expreso da comunicación previa presentada para realización das obras de PINTURA DE FACHADA EXTERIOR, COLOCACIÓN DE PLADUR E COLOCACIÓN DE PORTAS E PASAMÁNS incluídas no expediente con número 2026/U026/000011, e solicita a devolución do importe da taxa satisfeita correspondente ao ICIO, porque finalmente non realizou as obras comunicadas.

Tendo en conta o indicado no informe do Arquitecto a servizo do Concello, de data 31/08/2026, logo de realizar visita ao lugar de GUILFONSO 1, parroquia de SAN FIZ deste termo municipal, no que comproba que as obras para as que se solicitou título habilitante NON foron realizadas

De acordo co establecido no artigo 2 da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras no Concello de Monfero, que di:

“Constitúe o feito imponible do imposto a realización dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non dita licenza, ou para a que se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, presentárase ou non, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este Concello”

e o establecido no artigo 7.5 da mesma Ordenanza Fiscal que indica:

“5.– No suposto de que non se inicien ou non se executen integramente as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución das cotas do ICIO satisfeitas e correspondentes á base imponible das non realizadas, sempre e cando formule renuncia expresa á licenza, ou sexa declarada caducada mediante resolución administrativa firme e teñan transcorrido os prazos para a interposición do correspondente recurso contencioso administrativo contra a dita declaración de caducidade. Igualmente terá dereito á devolución do ingresado unha vez formule expresa renuncia nos supostos de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable.”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Tendo en conta o anterior, e considerando que, de acordo ao indicado no informe do Arquitecto, non se produciu o feito imponible.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Aceptar o desistimento expreso da comunicación previa presentada para realización das obras de PINTURA DE FACHADA EXTERIOR, COLOCACIÓN DE PLADUR E COLOCACIÓN DE PORTAS E PASAMÁNS, incluídas no expediente con número 2026/U026/000011, comunicada pola persoa que responde ás iniciais J.G.S.
- 2.- Aceptar a solicitude presentada pola persoa que responde ás iniciais J.G.S. e aprobar a devolución da cota satisfeita do Imposto de Construcións, instalacións e obras, por importe de 718,46 €
- 3.- Proceder ao seu pagamento mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo interesado.
- 4.- Arquivar o expediente de comunicación previa por desistimento do interesado
- 5.- Notificar este acordo ao interesado/a

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

7.2.- O Sr. Secretario-interventor dá conta da solicitude da persoa interesada, do informe do Arquitecto contratado para o efecto acreditativo de que non se realizaron as obras para as que se autoliquidou e ingresou o ICIO que agora se solicita que se devolva, do resto da documentación deste expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se indica a continuación, e se transcribe literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de examinar o escrito presentado pola persoa que responde ás iniciais A.G.C. en data 31/08/2026, con número de rexistro de entrada 202699900000522, que da orixe ao expediente 2026/T001/000004, no que comunica o seu desistimento expreso da comunicación previa presentada para realización das obras de REXUNTADO PAREDES INTERIORES E ACONDICIONAMENTO EIRA E ENTRADA PARA ACCESO incluídas no expediente con número 2026/U026/000018, e solicita a devolución do importe da taxa satisfeita correspondente ao ICIO, porque finalmente non realizou as obras comunicadas.

Tendo en conta o indicado no informe do Arquitecto a servizo do Concello, de data 07/09/2026, logo de realizar visita ao lugar de BULLÓN 1, parroquia de SAN FIZ deste termo municipal, no que comproba que as obras para as que se solicitou título habilitante NON foron realizadas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

De acordo co establecido no artigo 2 da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras no Concello de Monfero, que di:

“Constitúe o feito imponible do imposto a realización dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non dita licenza, ou para a que se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, presentárase ou non, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este Concello”

e o establecido no artigo 7.5 da mesma Ordenanza Fiscal que indica:

“5.- No suposto de que non se inicien ou non se executen integramente as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución das cotas do ICIO satisfeitas e correspondentes á base imponible das non realizadas, sempre e cando formule renuncia expresa á licenza, ou sexa declarada caducada mediante resolución administrativa firme e teñan transcorrido os prazos para a interposición do correspondente recurso contencioso administrativo contra a dita declaración de caducidade. Igualmente terá dereito á devolución do ingresado unha vez formule expresa renuncia nos supostos de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable.

Tendo en conta o anterior, e considerando que, de acordo ao indicado no informe do Arquitecto, non se produciu o feito imponible.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Aceptar o desistimento expreso da comunicación previa presentada para realización das obras de REXUNTADO PAREDES INTERIORES E ACONDICIONAMENTO EIRA E ENTRADA PARA ACCESO incluídas no expediente con número 2026/U026/000018, comunicada pola persoa que responde ás iniciais A.G.C.
- 2.- Aceptar a solicitude presentada pola persoa que responde ás iniciais A.G.C. e aprobar a devolución da cota satisfeita do Imposto de Construcións, instalacións e obras, por importe de 294,40 €
- 3.- Proceder ao seu pagamento mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo interesado.
- 4.- Arquivar o expediente de comunicación previa por desistimento do interesado
- 5.- Notificar este acordo ao interesado/a

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

8.- NON DIVISIÓN EN LOTES DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NA 2ª FASE DO PLAN POS+ ADICIONAL 2/2026

O Sr. Secretario-interventor dá conta do proxecto, informes e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica máis adiante neste acordo e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL

(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2026”

Logo de ver a documentación do expediente núm. 2026/A008/000016 de solicitude do Plan adicional 2b/2026, as Bases reguladoras, proxectos e restante documentación e tendo en conta que a competencia para contratar estas obras corresponde á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno segundo os seus importes (BOP núm.155 do 16 de agosto de 2023), propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2026 cos datos que se indican:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	Mejora de la pavimentación en las parroquias de Val Xestoso, San Fiz y Vilachá
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO CO IVE INCLUÍDO	304.656,01€

2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE número 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:

A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico

O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

verse imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

9.- SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

O Sr. Secretario-Interventor da conta da solicitude da persoa interesada e a súa documentación anexa, do informe-proposta favorable da Traballadora Social, do informe de fiscalización limitada previa de requisitos básicos de conformidade da Intervención e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico do aplicativo Tedec que se indica máis adiante e que se transcribe textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Nº EXPEDIENTE: 2026/S009/000004

OBXECTO: Concesión axuda emerxencia social B.O., A

Logo de ver o expediente tramitado a solicitude da persoa coas iniciais que se indican, o informe favorable emitido pola Traballadora Social do Concello de Monfero, Dona Patricia Martínez Lago, e o informe de fiscalización limitada previa de requisitos básicos de conformidade da Intervención, e considerando que se dan as circunstancias sinaladas na Ordenanza municipal reguladora das axudas de emerxencia social do Concello de Monfero (OAESM), que consta que a instrutora do procedemento comprobou a través da consulta de interoperabilidade do aplicativo TEDEC a documentación esixida no artigo 10 da OAESM e que reúne os requisitos esixidos nela para a concesión deste tipo de axudas, e que o gasto debe de xustificarse en forma, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Conceder unha axuda de emerxencia social (art. 3.2.d) II) da OAESM para instalacións de carácter básico que resulten imprescindibles para a subsistencia en condicións mínimas de habitabilidade da vivenda, á persoa que responde ás iniciais B.O., A., que se identifica no expediente electrónico do programa TEDEC indicado anteriormente, por importe de 3.600,97 euros. Unha vez rematada a obra o provedor deberá emitir a correspondente factura a nome do solicitante e beneficiario da axuda, e presentala por Rexistro no Concello de Monfero, xunto co certificado

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

bancario da conta titularidade do provedor na que se deberá efectuar o aboamento da axuda concedida.

2.- Imputar o gasto correspondente á aplicación do orzamento en vigor 231.48100

3.- Notificar este acordo á persoa interesada.

4.- Trasladar este acordo á Traballadora Social do Concello para que proceda a realizar a compra e ao Servizo Municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas del.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

10.- APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DO SAF DO MES DE AGOSTO DE 2026

O Sr. Secretario-Interventor da conta dos padróns fiscais aos que se refire este punto da orde do día, elaborados pola Intervención sobre a base dos informes previos da Sra. Traballadora Social, e da proposta de acordo da Alcaldía que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación referida, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar os padróns fiscais do prezo público polo servizo de axuda no fogar que se indican a continuación, que constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, elaborados polo Secretario-Interventor a partir dos correspondentes informes da Sra. Traballadora Social do Concello, que tamén constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e demais documentación relacionada con estes.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobar os padróns fiscais de prezo público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de agosto de 2026, dependencia e libre concorrência, elaborados pola Secretaría-Intervención do Concello, cos importes, usuarios, e demais datos que constan neles e que se reflicten na táboa que aparece a continuación:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

INICIAIS 1ª PERSONA USUARIA	INICIAIS ÚLTIMA PERSONA USUARIA	TOTAL PERSONAS USUARIAS	MODALIDADE SERVIZO	IMPORTE
ALFI	VGJA	32	DEPENDENCIA	2.865,71 €
ALFI	VDL	28	LIBRE CONCORRENCIA	826,07 €

2.- Expoñer ao público os devanditos padróns fiscais, mediante anuncios a publicar no B.O. da Provincia e no taboleiro de anuncios electrónicos municipal, por prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no BOP, para que os interesados poidan examinalos no Concello e presentar as reclamacións que consideren convenientes. Con dito anuncio notifícanse colectivamente a todas as persoas contribuíntes incluídas neles, as liquidacións que conteñen, conforme autoriza o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3.- O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, segundo o artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, contados desde o día seguinte ao desta data de aprobación do padrón fiscal pola Xunta de Goberno Local, e, transcorrido este, procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da nomeada Lei xeral tributaria e, se fora o caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Canto ao lugar de ingreso e modalidade de cobro, de acordo co previsto na Ordenanza fiscal municipal reguladora deste prezo público, será mediante domiciliación bancaria. Os recibos enviaranse para o seu cargo nas contas bancarias designadas polas persoas contribuíntes entre os días 10 e 12 de outubro de 2026.

4.- Contra este acordo e as liquidacións aprobadas, os/as interesados/as poderán interpoñer preceptivamente recurso de reposición, perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns, que se entenderá desestimado se non se resolvera de maneira expresa no prazo dun mes, e, contra o seu rexeitamento, recurso contencioso administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución do recuso de reposición, se é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza a desestimación presunta se non o fose.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás doce horas e corenta e oito minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)